



ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2020. (CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **19:30 horas** do día **8 de outubro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesiões)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesiões)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesiões)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesiões)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández.

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesiões)



José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asisten as concelleiras, Dona Esther Pedrosa Carrete e Dona Navia Rivas de Castro.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

1. Determinación de festivos locais para o ano 2021.

2. Dar conta de designación de membro do grupo municipal Socialista na Comisión informativa da área do social, cultural, participación, igualdade e transparencia.

3. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais (pendentes de tratar na sesión ordinaria do día 24 de setembro):

1. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 259, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas.
2. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 261, presentada polo grupo municipal de CA, para o desenvolvemento dun curso escolar seguro e para facilitar a conciliación.
3. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 276, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio ao Real Padroado da Cidade de Santiago.
4. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 277, presentada polo grupo municipal de CA, para reclamar medidas urxentes para conservar o emprego na hostalería.
5. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 278, presentada polo grupo municipal de CA, para manifestar o rexeitamento do Pleno ás comisións abusivas de Abanca.

Cumpríméntase así:

1. DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2021.

Á vista da proposta da alcaldía, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiras e concelleiras asistentes, declara como festivos locais para o ano 2021:

O día 13 de maio, día da Ascensión.



O día 16 de agosto, San Roque.

2. DAR CONTA DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NA COMISIÓN INFORMATIVA DA ÁREA SOCIAL, CULTURAL, PARTICIPACIÓN, IGUALDADE E TRANSPARENCIA.

Á vista do escrito presentado polo grupo político municipal do PSdeG-PSOE, dáse conta dos representantes do seu grupo na Comisión informativa da área social, cultural, participación, igualdade e transparencia:

Dona María Milagros Castro Sánchez
Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Rubén Prol Mariño
Suplentes: os demais membros do grupo.

3. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS (PENDENTES DE TRATAR NA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE SETEMBRO):

1. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 259, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas.
2. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 261, presentada polo grupo municipal de CA, para o desenvolvemento dun curso escolar seguro e para facilitar a conciliación.
3. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 276, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio ao Real Padroado da Cidade de Santiago.
4. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 277, presentada polo grupo municipal de CA, para reclamar medidas urxentes para conservar o emprego na hostalería.
5. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 278, presentada polo grupo municipal de CA, para manifestar o rexeitamento do Pleno ás comisións abusivas de Abanca.

Os textos das mocións a tratar na presente sesión son os que a continuación se transcriben:

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA DESENVOLVER UN PLAN DE MELLORA DO BARRIO DAS FONTIÑAS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG trasladou no Pleno de febreiro de 2020 un rogo para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas que, pese ás necesidades detectadas pola veciñanza, aínda non se puxeron en marcha nin se fixeron as xestións necesarias para as medidas que se reclaman sete meses despois.

Nos últimos anos, o barrio de Fontiñas viuse descoidado, sen o mantemento ordinario necesario, con carencia de limpeza nas rúas, coa herba invadindo as beirarrúas, con baldosas levantadas que supoñen un risco para as persoas viandantes, con iluminación insuficiente e inadecuada, con pasos de peóns en mal estado, mal iluminados e mal sinalizados, con especies arbóreas inadecuadas en determinados lugares, con inseguridade viaria como consecuencia de sebes que dificultan a visibilidade e con contedores sen lavar, entre outros. Para iso, é necesario realizar o mantemento permanente e xestión adecuada das instalacións públicas deste barrio, ademais de mellorar a limpeza dos espazos comúns, de acordo coas peticións trasladadas por veciños e veciñas.

Así mesmo, son evidentes as limitacións do tecido cultural para desenvolver as súas actividades programadas neste barrio. Para iso cómpre ampliar o centro sociocultural das Fontiñas con novas instalacións e servizos como salón de actos-auditorio, horario continuado da biblioteca e espazos suficientes para dar cabida ás necesidades e propostas de actividades do barrio. Proponse adecuar un espazo público para o lecer adaptado a realizar diferentes eventos e festas.

En canto á mobilidade, non é oportuna a pretensión de instalar o sistema de aparcamento de pago, mediante a ORA, no barrio das Fontiñas. Lémbrese o problema do acceso ao aparcadoiro de Fontiñas, onde moitas veces non se respecta o ancho da entrada que resulta necesario para dar os xiros e provócase un tapón e atascos até que actúa o guindastre. Tamén é preciso reordenar as prazas de aparcadoiro con zonas reservadas para o estacionamento de pequenos intervalos de tempo, nomeadamente ao redor dos Xulgados, para realizar trámites de 15 minutos, co fin de que se garanta a rotación rápida. A iso súmaselle a proposta de permitir o aparcadoiro fóra do horario laborábel nas prazas reservadas aos xulgados, agás as reservadas ao Xulgado de garda. Isto xa foi unha petición do BNG aprobada no Pleno de xuño de 2018.

O Concello debe incluír unha partida orzamentaria para a revisión e substitución do pavimento das rúas, pois na actualidade está levantado en moitos lugares que supoñen un perigo para as persoas que van a pé, nomeadamente para as persoas maiores, que corren o risco de caer coas baldosas mal asentadas.



Cómpre iluminar adecuadamente os pasos peonís en determinadas rúas que na actualidade son un risco para a seguraza viaria. Ademais, demándase mudar o tipo de iluminación para facilitar que a luz se proxecte sobre o lugar por onde cruzar, para reducir a contaminación luminosa e conseguir un aforro enerxético. Tamén é necesaria unha revisión do pintado dos pasos peonís con materiais reflectores que ofrezan seguridade para motociclistas.

A substitución das sebes de plantas de crecemento rápido na mediana da rúa de Roma por herba ou outras especies vexetais que conformen sebes de menor altura e de crecemento máis lento é outra das propostas. Tamén se propón a substitución dos plataneiros por outras especies arbóreas.

Cómpre deseñar un proxecto para maior uso e aproveitamento do Parque de Carlo Magno, ademais de executar as actuacións correspondentes para mellorar e adecuar o espazo de conexión entre o Parque de Carlo Magno co estadio de San Lázaro.

No ámbito social, demándase que a Xunta axilice a construción no barrio dun centro de día público para persoas maiores e dependentes, pois é unha zona onde se fan precisas estas instalacións e a demanda vai en aumento.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará as xestións necesarias e incluírá nos Orzamentos de 2021 a consignación para executar un plan de mellora do barrio das Fontiñas que inclúa as demandas da veciñanza anteriormente descritas.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN CURSO ESCOLAR SEGURO E PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As semanas previas ao inicio do presente curso escolar, así como estes primeiros días, demostraron unha total improvisación, falta de coordinación e desleixo do goberno da Xunta de Galicia, administración á que lle corresponden as competencias de Educación.



Improvisación por parte da anterior responsable da Consellería de Educación e improvisación tamén por parte do *novο* conselleiro nun *novο* Goberno galego que renovou a cúpula directiva do departamento pero que nin reforzou o profesorado dos centros de ensino nin incorporou novo persoal de enfermería como sería desexable no actual contexto da pandemia da Covid-19. A Xunta continúa a dar mostras de que non sabe como adaptar as aulas para que o alumnado manteña a distancia social e, ao tempo, reciba unha educación de calidade, presencial e garantista. E mentres, aumenta a preocupación e inseguridade en toda a comunidade educativa: persoal docente e de administración dos centros, alumnado e familias.

En plena pandemia non se pode pretender que o regreso ás aulas sexa a custo cero. Tras meses negándose a escoitar, Feijóo improvisa cambios no Protocolo para o inicio do curso para cumprir sobre o papel o acordo co Ministerio de Educación. Mudanzas que chegan tarde e, o peor, que chegan sen recursos, deixando todo o traballo nas mans do profesorado, do alumnado e das familias.

Dende o mes de marzo, tras a declaración do estado de alarma, diversos colectivos do profesorado, Asociacións de Nais e Pais de Alumnado e sindicatos de Educación reclamaron diálogo para planificar unha volta segura ás aulas en setembro. Desde entón, reclamaron a contratación de novo profesorado, que puidera facer realidade a necesaria baixada da ratio nas aulas; urxiron a habilitación de espazos para manter a necesaria distancia de cando menos 1,5 metros entre pupitres; e demandaron a continuidade nos servizos de comedor e de madrugadores e das actividades extraescolares, cos requisitos precisos pola situación sanitaria. Fronte a esas demandas, a única resposta da Consellería de Educación foi un “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid19 nos centros de ensino non universitario” que non contemplaba ningunha medida para garantir a seguridade, e que a Xunta se viu obrigada a modificar, na teoría, por mor da fonda contestación social que obtivo: descontento na sociedade xeral, mobilización dos sindicatos diante de San Caetano e convocatoria de folga.

Diante do malestar xeneralizado da comunidade educativa, a Xunta fixo anuncios enganosos sobre o aumento de profesorado, vinculando ao contexto da Covid-19 a habitual contratación de profesorado de Secundaria mediante o programa de *Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación* (ARCO) que nada ten que ver coas necesidades xurdidas pola pandemia. A Consellería de Educación tamén aumentou, no Protocolo, a distancia interpersoal nas aulas ata 1,5 metros, sabendo que non se poderá cumprir se non se habilitan espazos e se desdobran aulas. Co curso xa iniciado, nada se aclarou tampouco sobre a alternancia entre clases presenciais e a teledocencia, sobre as solucións fronte á fenda dixital, sobre as medidas para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral, sen que se cargue de novo e coma sempre máis traballo sobre as mulleres.



A improvisación coa que actuou a Xunta de Galicia na xestión do regreso ás aulas estivo acompañada, dunha absoluta pasividade do Concello de Santiago. O Goberno local limitouse a agardar as erráticas indicacións da Consellería de Educación, sen realizar propostas nin achegar suxestións para un inicio do curso máis seguro. A administración local tampouco atendeu coa planificación que sería desexable cuestións que son da súa responsabilidade, como é a xestión dos comedores escolares en nove centros educativos da cidade, a limpeza dos centros, ou a realización de pequenas obras de mantemento para garantir a seguridade das crianzas.

Comentado [1]: De aquí para adiante, o meu engadido

A mellor mostra da improvisación na que tamén caeu o Goberno local é que o decreto sobre o funcionamento dos comedores escolares non foi publicado ata as 9 da noite do pasado 9 de setembro, a escasas 12 horas do inicio do curso escolar, e que a única solución que atopou o Concello para garantir a seguridade nestes comedores foi restrinxir o número de usuarios e usuarias dun servizo para o que xa se tiña pechado o prazo de solicitude e ao que optaban 1.800 nenos e nenas.

O decreto de alcaldía contradí os compromisos que tiña asumido o Goberno para garantir a praza de comedor escolar para todas as persoas solicitantes, e pon en serias dificultades a moitas familias para as que este servizo é fundamental en materia de conciliación. Sen este recurso, é probable que moitas nais se vexan obrigadas a facer renuncias no eido laboral por non ter opcións para compatibilizar os horarios dos seus traballos cos horarios escolares, co agravante de non poder recorrer á axuda de avoas e avós, poboación especialmente sensible nesta pandemia.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a despregar as medidas necesarias requiridas pola comunidade educativa e as autoridades sanitarias para o desenvolvemento seguro do curso escolar, garantindo o dereito a unha educación pública e de calidade para todo o alumnado de Santiago e a tranquilidade das súas familias:

- a. Planificación rigorosa para unha desenvolvemento do curso escolar seguro durante todo o ano académico
- b. Contratación de novo profesorado para a súa incorporación inmediata, de xeito que se poida baixar a ratio nas aulas e garantir a seguridade.
- c. Habilitar espazos para poder manter unha distancia interpersonal acorde coas recomendacións sanitarias de 1,5 metros entre pupitres cando menos.

2. Instar aos correspondentes órganos de Goberno local a ser proactivos tamén desde o ámbito municipal:



a. Manter unha constante comunicación coas direccións e ANPAS de todos os centros de ensino de Santiago e a estar ao seu dispor para afrontar calquera cuestión organizativa para un desenvolvemento seguro do curso escolar.

b. Poñer a disposición da Consellería de Educación equipamentos municipais para afrontar o ano académico coas maiores garantías sanitarias: centros socioculturais, bibliotecas, pavillóns deportivos, espazos ao aire libre, ludotecas,...

c. Ampliar o programa de Colecamiños, camiños escolares seguros, adaptados á nova realidade da COVID-19.

d. Reforzar as liñas de autobuses dependentes da empresa municipal TUSSA que sexan utilizadas polos escolares de Primaria e Secundaria, nos horarios de entrada e saída dos centros educativos.

e. Planificar un servizo de comedor escolar seguro, garantindo as prazas necesarias para atender todas as solicitudes presentadas. Definir canto antes, e coa participación da comunidade educativa, os termos da nova licitación do servizo.

f. Organizar un servizo de espera nos CEIPs, cun funcionamento similar ao do programa de madrugadores, para que os nenos e nenas que non acudan ao comedor escolar poidan permanecer nos centros ao remate do horario lectivo, facilitando así a conciliación das familias.

g. Organizar un servizo de conciliación nos CEIPs, dependente do Concello, para que os nenos e nenas poidan permanecer nos centros escolares despois do comedor, tendo en conta a cancelación das actividades extraescolares na maioría dos centros que dificulta a conciliación de moitas familias.

Comentado [2]: Quitamos aquí o dos prezos (porque no decreto xa aclaran que se manteñen), e engadimos o de "garantir as prazas necesarias para atender todas as solicitudes" ?

Comentado [3]: Engadido

MOCIÓN PARA O APOIO AO REAL PADROADO DA CIDADE DE SANTIAGO

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real Padroado da Cidade de Santiago é un ente reformulado en 1991 e presidido de modo honorífico polo Rei de España, ente que -a través do Consorcio como administración executiva- ten contribuído ao desenvolvemento da cidade contemporánea.

A figura do Rei, como presidente honorífico, dálle continuidade a un apoio da monarquía sobre a cidade desde as súas orixes. De Alfonso II a Felipe VI, pasando por Felipe IV a cidade sempre se viu especialmente recoñecida ou impulsada pola institución monárquica. Aínda que desde 1992 ese especial apoio á cidade vén da man da confluencia do Estado, da Xunta de Galicia e do propio Concello, a presenza do Rei contribúe singularmente á necesaria toma de conciencia daquelas administracións públicas sobre a singularidade histórica desta urbe e propicia o compromiso daquelas con Santiago de Compostela.



Consideramos que resulta incomprensible, inoportuno e ata desleal coa cidade que nun momento no que se agarda a convocatoria do Real Padroado, se poidan presentar para debate ante o Pleno senllas iniciativas nas que se ataca á Monarquía ou aos seus membros, inoportunidade política que vén a cuestionar ou a embazar a convocatoria deste ente e que ao noso xuízo require unha reafirmación do Pleno municipal sobre a importancia do mesmo para a cidade.

En relación con esta cuestión, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago mostra o seu apoio ao Real Padroado da Cidade no devir e no futuro da cidade que ten ao Rei como presidente de honor.

As mocións do grupo municipal de Compostela Aberta, foron substituídas por mocións conxuntas dos catro grupos políticos municipais, PSdeG-PSOE, Partido Popular, Compostela Aberta e BNG, co seguinte contido:

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA RECLAMAR MEDIDAS URXENTES PARA CONSERVAR EMPREGO NA HOSTALERÍA DE SANTIAGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Un dos sectores máis afectados pola crise do coronavirus COVID-19, tanto na nosa cidade como no conxunto do país, está a ser o da hostalería. Tendo en conta que se trata dun pilar fundamental na nosa economía local, e que todo apunta a que seguirá padecendo as consecuencias económicas da pandemia, o Concello debe apostar por medidas que axuden á súa sustentabilidade.

Partindo dun necesario diálogo permanente cos axentes sociais -asociacións empresariais, sindicatos,...- e da colaboración institucional cómpre aprobar e aplicar medidas urxentes que faciliten manter o emprego no sector. Medidas para rescatar a hospedaxe, o ocio nocturno, os músicos e outros axentes culturais que integran a hostalería, un sector fundamental para a economía galega e compostelá, do que viven milleiros de familias de maneira directa e do que dependen ademais outras moitas empresas provedoras ou distribuidoras.

A pesar da gravidade da situación, a Xunta esta tomando as decisións de xeito arbitrario e unilateral, sen contar coa colaboración do tecido asociativo do sector. Contra este xeito



de actuar é necesario que se estableza un roteiro conxunto e acordado co sector que garanta a volta ao traballo dunha forma paulatina, rápida e segura. En canto ao ocio nocturno, non tén sentido que a Xunta non permita a súa apertura no caso de que se cumpran as medidas sanitarias e co horario límite de peche da 1 da madrugada como no resto de locais de hostalería.

Un traballo conxunto entre administracións que tamén se debe ampliar ao Goberno do Estado para que aprobe unha prórroga permanente dos ERTes ata a plena recuperación do sector; axudas directas aos traballadores autónomos que non poden abrir os seus negocios ou a exención nas cotas de seguridade social e de taxas municipais e autonómicas.

Ademais o Concello de Santiago ten que ser proactivo e atender as demandas do colectivo que son de competencia local, como a supresión dalgúns taxas municipais como a do lixo ou a de ocupación da vía pública para a instalación de terrazas e que se facilite a actividade no exterior dos locais, poñendo en marcha sistemas como estufas de calefacción que permitan prolongar o uso das terrazas durante o outono e inverno.

Por todo o anterior, os grupos políticos municipais presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Instar a Xunta de Galicia a:

a. Establecer canles de diálogo co sector para consensuar un plan de rescate con medidas económicas e axudas directas para manter o emprego e dinamizar a hostalería galega.

b. Reconsiderar as restricións de abertura dos locais de ocio nocturno nos mesmos termos que os establecidos para o resto de locais de hostalería, de acordo co Comité científico que asesora á Xunta de Galicia.

c. Aprobar exencións de tributos autonómicos á hostalería, como mínimo ata o verán de 2021.

2. Instar ao goberno do Estado a:

a. Manter unha prórroga permanente dos ERTE ata a plena recuperación do sector.

b. Axudas directas aos traballadores e traballadoras autónomas que non poidan abrir os seus negocios.

c. Aprobar unha exención nas cotas de seguridade social, como mínimo, ata o verán do 2021.



3. Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

- a. Aprobar a extensión das exencións das taxas de terrazas ao longo do ano 2021.
- b. Facilitar a actividade no exterior dos locais, permitindo ata a semana santa de 2021 o uso de estufas de calefacción, como mobiliario desmontable, e preferentemente eléctricas ou abastecidas con enerxías renovables, e mamparas igualmente desmontables.
- c. Valorar a consignación no orzamento de 2021 dunha partida axeitada que permita a convocatoria de axudas, entre outras, como as convocadas en 2020, para autónomos e PEMES especialmente pertencentes ao sector da hostalería.

4. Manifestar a comprensión do Pleno da Corporación ás reivindicacións e mobilizacións do sector diante da gravidade da crise da Covid-19.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA MANIFESTAR O REXEITAMENTO DO PLENO DE SANTIAGO AS COMISIÓNS ABUSIVAS DAS ENTIDADES FINANCEIRAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 19 de xuño, a entidade bancaria Abanca, realizou cargos abusivos en contas correntes de moitas e moitos dos seus clientes. A entidade decidiu mudar a súa política de comisións bancarias de forma unilateral, notificándoo nalgúns casos por correo electrónico ou por correo interno da app da entidade bancaria. Dado o modo de notificación, moita xente descoñeceu os cambios ata que viron o cargo da entidade bancaria. Noutros casos non existiu previo aviso da mudanza dos criterios do contrato asinado, por ambas partes, para unha conta sen comisións.

A entidade escolleu para o cargo destas comisións as contas cos contratos máis básicos, sen nómina ou cunha nómina baixa, e non outro tipo de produtos financeiros de maior rendibilidade. Desta forma, moitas galegas e galegos atopáronse no mes de xuño cun cargo mínimo de 50 euros por semestre (42 euros de “comisión de mantemento” mais 8 euros por “gastos de administración”), nalgunhas ocasións o importe foi máis elevado.

Son varias as entidades bancarias que anunciaron cambios nas súas políticas comerciais e de comisións durante o 2020. Fai escasos días Caixabank anunciou unha comisión de 240 euros anuais. Mais, tamén, a maior parte das entidades pospuxeron este cambio durante a pandemia da COVID. No caso de Abanca realizáronse estes cobros abusivos en plena pandemia, amosando unha carencia absoluta de sensibilidade e ética.



Os clientes máis afectados por estes cambios de condicións e suba de comisións pertencen, moitas veces, aos colectivos máis vulnerables, persoas con ingresos baixos ou que non alcanzan o límite para cumprir coas novas condicións das contas bancarias. No caso de Abanca, os requisitos son: nómina ou pensión domiciliada, ter 500 euros en produtos de aforro, movementos con tarxeta de crédito e contratar servizos de investimento ou seguros coa entidade (con prezos inflados en comparación cos prezos de mercado). Estes requisitos obrigan a moitas persoas, en situación de vulnerabilidade, ao pago destas comisións abusivas, xa que para o cobro de calquera axuda, nómina, ou pensión é preciso ter unha conta bancaria.

Dende o mes de xullo estanse a producir mobilizacións e queixas de clientes da entidade Abanca, en diferentes puntos do país (Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Salvaterra, Porriño, Cangas, etc)

A data de hoxe, hai mais de 150.000 sinaturas nunha petición de Change.org dirixida ao Banco de España para que as comisións de dita entidade, con sede en Galicia, sexan devoltas aos seus titulares.

Abanca foi rescatada con 9.000 millóns de euros de fondos públicos de todas e todos os galegos, nun proceso opaco de fusión e venda e ocultación de documentos por parte da Xunta de Galicia. Unha documentación que o goberno galego non fai pública incumprindo unha sentenza do TSXG de xuño deste ano, que lle obriga a entregar a documentación oficial da fusión de Caixa Galicia e Caixanova.

Por todo o anterior, e lembrando que a día de hoxe Abanca vén de obter uns beneficios nos primeiros tres meses do 2020 de 127 millóns netos, os grupos políticos municipais presentan á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

1. Trasladar ás entidades financeiras o rexeitamento por parte do Pleno da corporación da aplicación de comisións e gastos abusivos sobre as contas correntes.
2. Amosar o apoio e solidariedade do Pleno do Concello de Santiago coas persoas afectadas e coas mobilizacións e protestas dos clientes das entidades financeiras.
3. Solicitar as entidades financeiras a devolución das comisións cobradas no mes de xuño, e a súa eliminación no futuro.
4. Instar ao Goberno de España a que promova ante o Ministerio de Economía que se garanta que aos clientes das entidades financeiras non se lle apliquen comisións e gastos abusivos.



Foron presentadas emendas ás distintas mocións, sendo recollidas nos acordos adoptados as que foron aceptadas.

Rematado o debate e en relación ás mocións, adoptáronse os seguintes acordos:

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para desenvolver un plan de mellora no barrio das Fontiñas, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular, e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG e 9 (8 PP, 5 CA e 1 BNG) e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o Concello de Santiago realice as xestións necesarias e inclúa nos orzamentos de 2021 unha primeira consignación, compatible con outras necesidades da cidade e coas disponibilidades orzamentarias, para executar un plan de mellora do barrio das Fontiñas que inclúa as demandas da veciñanza descritas na parte expositiva da moción.

A seguinte moción en ser tratada é a presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para o desenvolvemento dun curso escolar seguro, á que presentou emenda o grupo municipal do BNG, da que foi aceptada o primeiro punto, e o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 1 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (9 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a despregar as medidas necesarias requiridas pola comunidade educativa e as autoridades sanitarias para o desenvolvemento seguro do curso escolar, garantindo o dereito a unha educación pública e de calidade para todo o alumnado de Santiago e a tranquilidade das súas familias:

- a. Planificación rigorosa para unha desenvolvemento do curso escolar seguro durante todo o ano académico
- b. Contratación de novo profesorado para a súa incorporación inmediata, de xeito que se poida baixar a ratio nas aulas e garantir a seguridade.
- c. Habilitar espazos para poder manter unha distancia interpersonal acorde coas recomendacións sanitarias de 1,5 metros entre pupitres cando menos.

2. Instar aos correspondentes órganos de Goberno local a ser proactivos tamén desde o ámbito municipal:

- a. Manter unha constante comunicación coas direccións, ANPAS de todos os centros de ensino de Santiago e coa Federación de ANPAS e a estar ao seu dispor para afrontar calquera cuestión organizativa para un desenvolvemento seguro do curso escolar.

- b. Poñer a disposición da Consellería de Educación equipamentos municipais para afrontar o ano académico coas maiores garantías sanitarias: centros socioculturais, bibliotecas, pavillóns deportivos, espazos ao aire libre, ludotecas,...
- c. Ampliar o programa de Colecamiños, camiños escolares seguros, adaptados á nova realidade da COVID-19.
- d. Reforzar as liñas de autobuses dependentes da empresa municipal TUSSA que sexan utilizadas polos escolares de Primaria e Secundaria, nos horarios de entrada e saída dos centros educativos.
- e. Planificar un servizo de comedor escolar seguro, garantindo as prazas necesarias para atender todas as solicitudes presentadas. Definir canto antes, e coa participación da comunidade educativa, os termos da nova licitación do servizo.
- f. Organizar un servizo de espera nos CEIPs, cun funcionamento similar ao do programa de madrugadores, para que os nenos e nenas que non acudan ao comedor escolar poidan permanecer nos centros ao remate do horario lectivo, facilitando así a conciliación das familias.
- g. Organizar un servizo de conciliación nos CEIPs, dependente do Concello, para que os nenos e nenas poidan permanecer nos centros escolares despois do comedor, tendo en conta a cancelación das actividades extraescolares na maioría dos centros que dificulta a conciliación de moitas familias.

Comentado [4]: Quitamos aquí o dos prezos (porque no decreto xa aclaran que se manteñen), e engadimos o de "garantir as prazas necesarias para atender todas as solicitudes" ?

Comentado [5]: Engadido

Comentado [VEC6]:

En relación á moción do grupo municipal do Partido Popular, para o apoio ao Real Padroado, á que presentou emenda do grupo municipal de Compostela Aberta e que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros /as asistentes dos grupo municipais do Partido Popular e do PSdeG-PSOE (8 PP e 9 PSdeG-PSOE), e 6 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 1 BNG), acorda mostrar o seu apoio ao Real Padroado da Cidade no devir e no futuro da cidade que ten ao Rei como presidente de honor.

A moción conxunta dos catro grupos políticos municipais que substitúe á presentada polo grupo municipal de CA, en relación ao emprego na hostalería, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1. Instar a Xunta de Galicia a:
 - a. Establecer canles de diálogo co sector para consensuar un plan de rescate con medidas económicas e axudas directas para manter o emprego e dinamizar a hostalería galega.
 - b. Reconsiderar as restricións de abertura dos locais de ocio nocturno nos mesmos termos que os establecidos para o resto de locais de hostalería, de acordo co Comité científico que asesora á Xunta de Galicia.



c. Aprobar exencións de tributos autonómicos á hostalería, como mínimo ata o verán de 2021.

2. Instar ao goberno do Estado a:

a. Manter unha prorroga permanente dos ERTE ata a plena recuperación do sector.

b. Axudas directas aos traballadores e traballadoras autónomas que non poidan abrir os seus negocios.

c. Aprobar unha exención nas cotas de seguridade social, como mínimo, ata o verán do 2021.

3. Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

a. Aprobar a extensión das exencións das taxas de terrazas ao longo do ano 2021.

b. Facilitar a actividade no exterior dos locais, permitindo ata a semana santa de 2021 o uso de estufas de calefacción, como mobiliario desmontable, e preferentemente eléctricas ou abastecidas con enerxías renovables, e mamparas igualmente desmontables.

c. Valorar a consignación no orzamento de 2021 dunha partida axeitada que permita a convocatoria de axudas, entre outras, como as convocadas en 2020, para autónomos e PEMES especialmente pertencentes ao sector da hostalería.

4. Manifestar a comprensión do Pleno da Corporación ás reivindicacións e mobilizacións do sector diante da gravidade da crise da Covid-19.

No tocante á moción conxunta dos catro grupos políticos municipais que substitúe á presentada polo grupo municipal de CA, en relación as comisións abusivas das entidades financeiras, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda:

1. Trasladar ás entidades financeiras o rexeitamento por parte do Pleno da Corporación da aplicación de comisións e gastos abusivos sobre as contas correntes.

2. Amosar o apoio e solidariedade do Pleno do Concello de Santiago coas persoas afectadas e coas mobilizacións e protestas dos clientes das entidades financeiras.

3. Solicitar as entidades financeiras a devolución das comisións cobradas no mes de xuño, e a súa eliminación no futuro.



4. Instar ao Goberno de España a que promova ante o Ministerio de Economía que se garanta que aos clientes das entidades financeiras non se lle apliquen comisións e gastos abusivos.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 20:51 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández